03 FEBREIRO 2027

concurso de solistas

colaboración do CMUS Manuel Quiroga e a Banda de Pontevedra

BANDA DE MÚSICA DE PONTEVEDRA

Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga

BASES DO CONCURSO

O Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga e a Banda de Música de Pontevedra convocan unha nova edición do Concurso de solistas, unha iniciativa de colaboración entre ambas as institucións que foi recuperada o curso pasado.

O concurso ten como finalidade promover o talento musical do alumnado e ofrecerlle a oportunidade de actuar como solista coa Banda de Música de Pontevedra, contribuíndo así ao seu desenvolvemento artístico e á adquisición de experiencias interpretativas de especial valor formativo.

1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

O Concurso de solistas ten como finalidade seleccionar, mediante unha proba de interpretación instrumental, un alumno ou alumna do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra para actuar como solista coa Banda de Música de Pontevedra.

Esta iniciativa pretende recoñecer o mérito artístico e interpretativo do alumnado e ofrecerlle unha experiencia musical de especial relevancia para a súa formación.

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderá participar o alumnado matriculado en 5º de Grao Profesional ou 6º de Grao Profesional do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra, durante o curso académico 2026/2027, nas especialidades instrumentais de vento madeira, vento metal e percusión.

Para formalizar a súa participación, o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:
Contar co aval do profesorado titor da especialidade instrumental, que deberá acreditar a idoneidade do alumnado para participar no concurso.
Formalizar a inscrición no prazo establecido e presentar a documentación requirida pola organización.
A participación terá carácter voluntario.

3. REPERTORIO

Cada participante deberá interpretar unha obra ou movemento dunha obra para instrumento solista e acompañamento de piano, cunha duración máxima de 10 minutos de interpretación musical efectiva.

O alumnado poderá contar co profesorado pianista acompañante do conservatorio, sempre que o repertorio presentado forme parte do traballado con este profesorado durante o curso académico anterior ou no primeiro trimestre do curso correspondente á convocatoria.

A elección da obra realizarase baixo a supervisión do profesorado titor da especialidade instrumental, procurando que o repertorio seleccionado se adecúe ao nivel técnico e interpretativo do participante.

A obra interpretada durante a proba do concurso non terá que coincidir necesariamente coa que interprete a persoa gañadora no concerto coa Banda de Música de Pontevedra. A elección do repertorio para este concerto corresponderá á dirección artística da Banda, previa consulta co profesorado da especialidade instrumental do conservatorio, atendendo á adecuación artística e á viabilidade técnica e musical da interpretación.

Non se permitirá ningún cambio no repertorio presentado unha vez formalizada a inscrición no concurso.

4. INSCRICIÓN

O prazo de inscrición permanecerá aberto dende o mesmo día da publicación das presentes bases ata o 4 de decembro de 2026, inclusive.

5. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán presentarse a través da páxina Web do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra, mediante a formalización do formulario de inscrición habilitado para tal efecto, no que deberán constar os seguintes datos:

- Datos persoais do participante.
- Especialidade instrumental e curso no que está matriculado.
- Copia lexible da partitura da obra presentada, incluída a parte de acompañamento de piano.
- Aval do profesorado titor da especialidade instrumental correspondente.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra do prazo establecido nin aquelas que non cumpran os requisitos recollidos nas presentes bases.

A formalización da inscrición implicará a aceptación íntegra das condicións establecidas na convocatoria.

6. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

O concurso desenvolverase mediante unha única proba presencial, que terá lugar o mércores, 3 de febreiro de 2027, no auditorio do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra. Cada participante interpretará a obra ou movemento indicado na súa inscrición, co correspondente acompañamento de piano.
A organización establecerá o horario da proba, así como a orde de intervención (determinado mediante sorteo) e serán comunicados aos participantes coa suficiente antelación a través das canles oficiais do centro.

O alumnado participante terá á súa disposición cabinas de estudo nas instalacións do conservatorio para realizar os exercicios de quecemento e preparación previos á súa intervención.
As interpretacións serán avaliadas por un xurado constituído para tal efecto, de acordo cos criterios de valoración establecidos nas presentes bases

7. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará integrado por cinco membros, coa seguinte composición:

- Un/ha membro do equipo directivo do centro que exercerá como presidente/a.
- O director da Banda de Música de Pontevedra (ou a persoa na que delegue).
- Tres docentes do conservatorio, pertencentes a diferentes especialidades instrumentais.

Ningún membro do xurado poderá exercer como profesor ou profesora titor da especialidade instrumental de ningún dos participantes no concurso, co fin de garantir a imparcialidade e a obxectividade do proceso de avaliación.

As funcións de secretaría serán asumidas por un dos membros do xurado, designado pola organización, que se encargará de levantar acta das deliberacións e dos acordos adoptados.

O xurado será o responsable de avaliar as interpretacións dos participantes e determinar o resultado do concurso, de acordo cos criterios de valoración establecidos nas presentes bases.

No caso de empate na puntuación final, este resolverase atendendo sucesivamente á maior puntuación obtida nos seguintes criterios, por esta orde: interpretación musical, madurez artística, calidade sonora, dominio técnico e rigor rítmico. De persistir o empate tras aplicar todos os criterios anteriores, o xurado resolverao mediante deliberación e votación, deixando constancia motivada da decisión na acta.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado avaliará as interpretacións dos participantes atendendo aos seguintes criterios, cunha puntuación máxima de 100 puntos:

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Calidade sonora: control, homoxeneidade, afinación e adecuación tímbrica.	20 puntos
Dominio técnico: precisión, articulación, coordinación e resolución das dificultades técnicas.	20 puntos
Interpretación musical: fraseo, dinámica, expresividade e coherencia estilística.	30 puntos
Rigor rítmico: precisión rítmica, estabilidade do pulso, control do tempo e coordinación co acompañamento.	15 puntos
Madurez artística: personalidade interpretativa, comunicación musical, presenza e dominio escénico.	15 puntos
TOTAL	**100 puntos**

Cada membro do xurado outorgará unha puntuación individual conforme aos criterios establecidos. A cualificación final de cada participante obterase mediante a media aritmética das puntuacións emitidas polos membros do xurado.

O xurado poderá declarar deserto o premio cando considere que as interpretacións non alcanzan o nivel artístico esixible, neste caso establecidos por unha puntuación mínima de 75 puntos. A súa decisión deberá quedar recollida na correspondente acta.

9. SELECCIÓN E PREMIOS

A selección estará condicionada ao nivel artístico demostrado durante a proba. A elección do repertorio para o concerto coa Banda axustarase ao establecido no apartado 3 destas bases. Os premios consistirán en:

- Unha actuación como solista coa Banda de Música de Pontevedra no concerto que terá lugar o 22 de maio de 2027.
- Un vale por importe de 200 €, destinado á adquisición de material musical no establecemento Musical Pontevedra.

Así mesmo, a Banda de Música de Pontevedra convidará ao resto dos participantes no concurso a integrarse na agrupación durante o concerto de clausura, ofrecéndolles a oportunidade de participar nunha experiencia musical colectiva de especial interese formativo.

O xurado poderá declarar deserto o premio cando considere que ningún dos participantes acada o nivel interpretativo requirido (Punto 8).

A resolución do concurso quedará recollida na correspondente acta do xurado e será comunicada aos participantes a través das canles oficiais do conservatorio.

A participación no Concurso de solistas implica a aceptación íntegra das presentes bases. A organización resérvase a facultade de resolver aquelas circunstancias ou incidencias non previstas nesta convocatoria, garantindo en todo momento os principios de igualdade, transparencia e obxectividade.

As decisións do xurado relativas á valoración artística das interpretacións serán definitivas e irrevogables.

Calquera modificación das condicións organizativas do concurso será comunicada aos participantes a través das canles oficiais do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra.